

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA A REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS NA TRAVESÍA E DE PÉRGOLAS NO PARQUE DE INDIANOS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para a reposición de pavimentos na travesía e de pérgolas no Parque de Indianos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** Que o Concello de Ribadeo pretende realizar, co fin de mellorar as infraestruturas locais, a renovación do pavimento actual do camiño de acceso ao Parque de Indianos, que comunica a Avda. de Galicia coa rúa Virxe do Camiño, así como a realización de obras de mantemento e reparación do propio Parque de Indianos, sito na rúa Virxe do Camiño, dentro do casco urbano de Ribadeo. O dito Parque de Indianos atópase incluído dentro do conxunto histórico da vila de Ribadeo, declarado ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, polo Decreto 266/2004, do 11 de novembro. Ademais doutros BIC existentes dentro da vila, o Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, transita pola costa asturiana e entra en Galicia por Ribadeo. En 2015, o Camiño do Norte foi recoñecido pola UNESCO, xunto co Camiño Primitivo, como Patrimonio da Humanidade, o máximo recoñecemento que pode recibir un ben cultural.

Debido ó mal estado en que se atopa o pavimento actual do camiño, debido a que ó estar executado simplemente con grixo o paso dos anos foino eliminando e agora está moi deteriorado, con numerosos afundimentos provocados polo discorrer das augas de pluviais, o recorrido peonil é bastante irregular e perigoso para os numerosos viandantes que pasan por el. Preténdese renovar a pavimentación deste camiño, e ademais solucionar un problema de augas pluviais existente na zona máis baixa, onde se producen numerosas filtracións de auga sobre o muro existente na zona. Para iso canalizárase cun tubo de PVC para pluviais que discorra polo centro do camiño peonil. Ademais realizarase un novo pavimento nesta parte central da senda, cunha soleira de formigón desactivado cun espesor de 15 cm, deixando nos extremos dúas beirarrúas realizadas con soleira de formigón e acabado de pedra de cachotaría.

Por outra banda, preténdese co presente proxecto executar obras de mantemento no propio Parque de Indianos, consistentes na reparación do pavimento de lousa que se atopa deteriorada debido ao paso do tempo, así como a substitución das dúas pérgolas existentes por outras de similares características. Actualmente unha delas xa se demoleu debido á perigosidade que representaba para os usuarios do parque.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.



**Terceiro.-** A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas Galicia, destino auténtico e diferencial. Unha primeira liña de traballo incide no Camiño de Santiago e no Xacobeo 2027. O Camiño de Santiago é un dos recursos máis singulares e diferenciais do turismo galego e que segue a acadar datos de crecemento. Garantir a accesibilidade e a seguridade no Camiño forma parte das prioridades para este ano santo.

A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

